

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 30 de novembro de 2012

Hora: 12:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Purificación Cariñena Amigo

Pablo García Tahoces

Juan M. Garrido Fernández

M^a Carmen Palacios

David López Vilariño

Ramón Méndez Pampín

Ausencias xustificadas:

Alberto Bugarín Diz

Puntos a tratar:

1. Aprobación das actas das últimas reunións.
2. Aprobación dos Informes de Seguimento dos Títulos.
3. Opinión da ETSE sobre os Informes de Seguimento dos Títulos.
4. Turno aberto.

1. Aprobación de actas.

Apróbanse as actas das reunións anteriores.

2. Aprobación dos Informes de Seguimento dos Títulos.

Os informes de seguimento foron aprobados previamente nas comisións académicas respectivas. En relación á Normativa de Permanencia da USC, a xestora revisou os enlaces, e corrixiuse o enlace na memoria do Grao en Enxeñaría Química, pois desde que se introducira xa foi publicada a normativa no D.O.G.

Sen máis modificacións, apróbanse todos os informes.

3. Opinión da ETSE sobre os Informes de Seguimento dos Títulos.

Retómase a discusión sobre o documento elaborado por Francisco Omil para entregar á vicerreitora expresando o desacordo da ETSE co procedemento establecido para a avaliación dos Informes de Seguimento, e propoñendo unha serie de accións de mellora. Ramón Méndez fai énfase no punto de que as propostas de mellora recibidas nas respostas ós informes de seguimento poñen o mesmo cando o Informe de Seguimento é conforme que cando non o é. Apróbase o documento para enviar á vicerreitoría de Calidade.

4. Turno aberto.

Dado que se están a desenvolver os regulamentos para as comisións da ETSE, suxírese que se lles poña duración a estas, de forma que os membros das comisións o sexan por un período

determinado. En todo caso, se algún membro quixese continuar no seu posto podería ser reelixido.

Recórdase a necesidade de establecer nos regulamentos mecanismos que faciliten as certificacións da actividade realizada polas comisións e os seus membros.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 12:20 h.